

22.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 23 DE MAIO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D. MARTA OVIEDO CREO.

1.- LICENZAS DE OBRA.

1.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para vivenda unifamiliar en Viñoa, Soutolongo, Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo asesor urbanístico municipal de data 11/05/16, e **aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal** de data 17/05/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 3.988,98 euros.

1.2.- Acordouse **DENEGAR LICENZA DE OBRA** para instalación de explotación avícola en Outeiro, Filgueira, Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe desfavorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 12/05/16.

1.3.- Acordouse **DENEGAR LICENZA DE OBRA** para instalación dunha explotación avícola en Maceira, Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe desfavorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 12/05/16.

1.4.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para cambio de tellado na Igrexa Parroquial de Xaxán-Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 18/05/16 e **aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal** de data 19/05/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 175,88 euros.

2.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN** dunha parcela en Anseán, Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido para o efecto polo técnico municipal de data 11/05/16, e **aprobase a liquidación realizada pola Intervención Municipal** de data 13/05/15 por importe de de 120,20 euros en concepto de taxa por licenza de segregación.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

Quedou pendente para un mellor estudo.

4.- INFORMES PREVIOS.

4.1.- Acordouse **aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal de data 12 de maio de 2016**, emitido trala petición formulada polo MINISTERIO DE FOMENTO–UNIDAD DE CARRETERAS EN PONTEVEDRA, a instancias de Gas Galicia SDG, S.A. para autorización de canalización de gas na rúa Ponte, tramo urbán – Lalín.

4.2.- Acordouse **aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal de data 12 de maio de 2016**, emitido trala petición formulada polo MINISTERIO DE FOMENTO–UNIDAD DE CARRETERAS EN PONTEVEDRA, a instancias de Gas Galicia SDG, S.A. para autorización de canalización de gas na N-525 tramo urbán – Lalín.

5.- INFORME URBANÍSTICO.

5.1.- Acordouse **aprobar o informe técnico municipal de data 11/05/16** trala petición formulada por persoa interesada sobre información urbanística dunha parcela situada na parroquia de Goiás – Lalín e **aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal** de data 13/05/2016 por importe de 100 euros en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística.

6.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.

6.1.- Acordouse **aprobar a Bolsa de Emprego para o posto de monitor/a deportivo** por orde de maior a menor puntuación vista a acta de cualificación dos exercicios da fase de oposición e da fase de concurso do proceso selectivo de data 20 de maio de 2016.

6.2.- Acordouse **aprobar a Bolsa de Emprego para o posto de Operario/a Limpeza** por orde de maior a menor puntuación, vista a acta de cualificación dos exercicios da fase de oposición e da fase de concurso de data 20 de maio de 2016.

6.3.- Acordouse **contratar aos candidatos con maior puntuación do proceso selectivo de persoal laboral temporal** para contratación de 2 auxiliares de Policía para a tempada de verán de data 19 de maio de 2016.

7.- FACTURAS E CONTAS.

7.1.- Acordouse **aprobar as relacións de facturas e recoñecer a obriga por un importe total de 36.722,54 €**, (Relacións nº 00065: 24.077,96 €, nº 00066: 12.515,70 € e nº 00067: 128,88 €), e reclamar a Espina & Delfín o importe de 128,88 € correspondente a relación nº 00067: 128,88 €, así como requerirle o cambio de titular contratos de subministro eléctrico das instalacións recepciónadas pola empresa na Acta de Recepción e asinada o 30 de abril de 2015.

8.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total

de 200 €.

8.2.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 129,16 € a aboar a Gas Natural Servizos SDG, S.A.

8.3.- Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade e de atención sanitaria e sociosanitaria para á persoa solicitante por importe total de 150 € a aboar en efectivo.

8.4.- Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 454,96 € a aboar a Delfín Taboada Lorenzo, S.L.

8.5.- Acordouse **clasificar as proposicións presentadas no expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN RÉXIME DE MERCADO LIBRE AOS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE LALÍN”** tramitado mediante procedemento aberto trámite ordinario e un criterio de valoración, e en base ás proposicións presentadas requirir ao licitador GAS NATURAL SERVICIOS, S.G.D., S.A., para que no prazo de dez (10) días hábiles presente determinada documentación, posto que de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orde no que quedaran clasificadas as ofertas.

8.6.- Acordouse **solicitar unha subvención ao abeiro das Bases de subvencións para a rehabilitación do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos Concellos da Provincia para o ano 2016**, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 68, de 11/04/2016, para desenvolver o proxecto denominado “Estabilización do Cruceiro de Lalín de Arriba”.

8.7.- Acordouse **rechazar e desestimar a solicitude de posto de venda ambulante** para tódolos sábados do ano presentada por interesado por incumprimento do artigo 9 da Ordenanza Fiscal núm. 14 reguladora da taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

8.8.- Acordouse a **baixa do vado permanente** ubicado na Rúa da Ponte número 41 (Lalín).

8.9.- Acordouse o **inicio do expediente de contratación denominado**

“SERVIZO PARA DESENVOLVER O PROXECTO DOS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS E DA ESCOLA DE VERÁN DO CONCELLO DE LALÍN” (CSE082016) (Lote 1: Campamentos deportivos de verán; Lote 2: Campamento deportivo de nadal; Lote 3: Escola de Verán); mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, co seguinte orzamento máximo de licitación por lote: Lote 1: 24.500,00€ (IVE incluído); Lote 2: 2.100 € (IVE incluído); Lote 3: 19.500 € (IVE incluído). Así mesmo acordouse aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e incorporar os devanditos documentos ao expediente, e autorizar o gasto polos seguintes importes máximos por Lote 1: 24.500,00€ (IVE incluído); Lote 2: 2.100 € (IVE incluído); Lote 3: 19.500 € (IVE incluído), con cargo ás aplicacións orzamentarias 341.226.09 e 231.226.09; e iniciar os trámites para adxudicar o contrato e a estes efectos, publicar o anuncio de licitación no BOP e no Perfil do Contratante.

8.10.- Acordouse **DESESTIMAR O RECURSO DE REPOSICIÓN** interposto por interesado, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de marzo de 2016 polo que se aproban o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, o prego de prescricións técnicas e anexos, se autoriza o gasto e se ordena anunciar a licitación do contrato do **“SERVIZO DE MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES, PARQUES, XARDÍNS E ARBOREDO DO CONCELLO DE LALÍN”**, polos motivos expostos no informe emitido pola Técnica de Administración Xeral de data 23 de maio de 2016.

9.- CORRECCIÓN DE ERROS.

9.1.- Acordouse **corrixir o erro** padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 3 de maio de 2016 nas solicitudes de postos de venda ambulante para o ano 2016.

10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

10.1.- Deuse conta do escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, no que comunican a **concesión dunha subvención por importe de 126.859,88 euros** ó Concello de Lalín, para a realización do investimento **“CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS EN VILANOVA, MACEIRA, GOIÁS, VILATUXE E ZOBRA”**.

10.2.- Acordouse **conceder autorización municipal para ocupación de vía pública** ao solicitante para a celebración dun programa de actividades lúdico-

musicáis durante o vindeiro mes de xuño e xullo no espazo situado na rúa Colón dende a entrada para os taxis (a altura da Librería Dalví máis ou menos) ata o final da zona peatonal da rúa (a altura da zapatería que fai esquina) así como na terraza ou praza das Pipas ou Praza da Torre e autorización e posta a disposición dun punto de luz para a execución dos eventos.
